

**ACTA NÚMERO: 26/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 7 DE XULLO DE 2022.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 15 minutos do día 7 de xullo de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos Lopez Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Dona Alma M<sup>a</sup> Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 30 de xuño de 2022 (Reunión 25/2022).
2. Apertura electrónica dos sobres "Únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2022004063).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021044973).
4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021044973).
5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021053554).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021053554).
7. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado



convocado para a contratación da "Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe" (Expte. 2022006309)

8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente ás propostas avaliadas mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da " Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe" (Expte. 2022006309)

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. **Aprobación da acta da reunión anterior do día 30 de xuño de 2022 (Reunión 25/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día 30 de xuño 2022 (Reunión 25/2022)

2. **Apertura electrónica dos sobres "Únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2022004063).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022004618 de data 15 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da "*Subministración de produtos de droguería, aseo persoal e limpeza de carácter non industrial para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación do Sobre único as empresas presentadas foron as seguintes:

- COTELGA, S.L. (NIF: B 15493661)
- DARLIM S.L. (NIF: B 36612562)

Os valores ofertados foron os seguintes:

COTELGA, S.L. (NIF: B 15493661)

PREZO OFERTADO	OFERTA ANUAL TOTAL
Sumatorio dos prezos ofertados multiplicado polo número estimado de unidades (C)	17.672,01 €
IVE (21%)	3.711,12 €
<b>OFERTA TOTAL (CON IVE)</b>	<b>21.383,13 €</b>

DARLIM S.L. (NIF: B 36612562)

PREZO OFERTADO	OFERTA ANUAL TOTAL
Sumatorio dos prezos ofertados multiplicado polo número estimado de unidades (C)	27.438,65 €
IVE (21%)	5.762,11 €
<b>OFERTA TOTAL (CON IVE)</b>	<b>33.200,76 €</b>



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados, a puntuación acadada polas empresas é a seguinte:

<b>Empresa</b>	<b>Puntuación</b>
COTELGA, S.L.	60 puntos
DARLIM S.L.	5,099 puntos

A Mesa detecta que a oferta presentada pola empresa *Cotelga, S.L.* (B 15493661) contén valores anormais ou desproporcionados no referente ao prezo ofertado e acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir á referida empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a súa oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

**3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021044973).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 17 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, da "Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descifrado e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002): Lote 1 e 2.

**4. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración de vestiario para o persoal condutor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe de Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021044973).**

A Mesa de Contratación na reunión do día 7 de xullo de 2022 procedeu a apertura do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- COSTA OESTE DEL ATLANTICO, S.L. (NIF: B-36.946.002): Lote 1 e 2.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre "B" correspondente aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación observa que, a empresa Costa Oeste del Atlantico, S.L., non presenta documentación algunha relativa ao Lote 1, incluíndo neste sobre unicamente a documentación correspondente ao Lote 2.

A vista do exposto acorda trasladar a documentación descargada do sobre "B", ós técnicos do Centro Príncipe Felipe, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021053554).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de abril de 2022 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector



Público) con data 03 de xuño de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas nos seguintes lotes:

EMPRESAS	LOTES
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U. (B88586920)	1-2-3
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL (B36147429)	1-2-3
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	1-2-3
XERMOLO, S.A. (A36022374)	1-2-3
FCO GOMEZ Y CIA SL (B15009533)	1-2-3
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. (B36130649)	2
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	1-2-3
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA (A36008886)	1-2-3
CIVIS GLOBAL, S.L.U.( B36684157)	1-2-3



CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (B36258861)	1-2-3
UTE NAROM SL - AUDECA	1-2-3

**6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a conclusión do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra" (Expte.- 2021053554).**

A Mesa de Contratación na reunión do día 7 de xullo de 2022 procedeu a apertura do sobre "A", correspondente á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas aos seguintes lotes:

EMPRESAS	LOTES
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U. (B88586920)	1-2-3
CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL (B36147429)	1-2-3
EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L. (B15410608)	1-2-3
XERMOLO, S.A. (A36022374)	1-2-3
FCO GOMEZ Y CIA SL (B15009533)	1-2-3
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L. (B36130649)	2
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (B36533537)	1-2-3
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA (A36008886)	1-2-3
CIVIS GLOBAL, S.L.U.( B36684157)	1-2-3
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. (B36258861)	1-2-3
UTE NAROM SL - AUDECA	1-2-3

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo) e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre "B" correspondente



aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor presentada polas empresas presentadas e admitidas neste procedemento aberto.

A vista do exposto acorda trasladar a documentación descargada do sobre “B”, ós técnicos de Infraestructuras, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

**7. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe” (Expte. 2022006309)**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial de data 07 de xuño de 2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da “*Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura de rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación desde contrato publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 08 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- Sistemas Avanzados de Tecnoloxía, S.A. CIF: A 33117995
- Cibernos Sistemas, S.L. CIF: B 03243110

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de xuño de 2022 procedeu á apertura dos sobres “A”, nos que aparte da documentación administrativa tamén figuraba a documentación técnica, aportada polas empresas licitantes ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose a mesma ó servizo de Novas Tecnoloxías para á súa valoración.

Con data 05 de xullo de 2022 o Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías, emite informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes que acadan o seguinte resultado:

<b>Criterios avaliáveis</b>	<b>Sistemas Avanzados de Tecnoloxía, S.A.</b>	<b>Cibernos Sistemas, S.L.</b>
Metodoloxía de xestión do servizo (máx. 10 puntos)	8,00 puntos	4,00 puntos





Xestión de incidencias (máx 15 puntos)	7,00 puntos	9,00 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	15,00 PUNTOS	13,00 puntos

A Mesa de Contratación en base ó informe emitido pola Xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías de data 05 de xullo de 2022, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas Sistemas Avanzados de Tecnoloxía, S.A. (CIF: A 33117995) e Cibernos Sistemas, S.L. (CIF: B 03243110) na valoración técnica da oferta presentada para optar á adxudicación do contrato.

**8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente ás propostas avaliáveis mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da " Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe" (Expte. 2022006309)**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas *Sistemas Avanzados de Tecnoloxía, S.A. CIF: A 33117995* e *Cibernos Sistemas, S.L. CIF: B 03243110* na valoración técnica das ofertas presentadas para optar á adxudicación do contrato de "*Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura de rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*", e que é a seguinte:

LICITADOR	PUNTUACION SOBRE "A"
Sistemas Avanzados de Tecnoloxía, S.A	15,00
Cibernos Sistemas, S.L	13,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descifrado e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:



### SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOXÍA, S.A

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	9.804,06€
IVE 21 %):	2.058,85€
Importe total ofertado:	11.862,91€

2. Prazo de execución ofertado:

PLAZO DE EJECUCIÓN				
Plazo de execución (meses)	0,5	1	1,5	2
OFERTA (sinalar cun X):		X		

### CIBERNOS SISTEMAS, S.L

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	8.700,00€
IVE 21 %):	1.827,00€
Importe total ofertado:	10.527,00€

2. Prazo de execución ofertado:

PLAZO DE EJECUCIÓN				
Plazo de execución (meses)	0,5	1	1,5	2
OFERTA (sinalar cun X):	X			

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre "B" son as seguintes:

CRITERIOS	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOXÍA, S.A	CIBERNOS SISTEMAS, S.L
Prezo Ofertado	44,479	55
Prazo de execución ofertado	15	20
<b>TOTAL SOBRE B</b>	59,479	75

A Mesa acorda:

- 1) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura de rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*, que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	CIBERNOS SISTEMAS, S.L	13	75	88
2ª	SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOXÍA, S.A	15	59,479	74,479

Propoñer ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación o procedemento aberto simplificado convocado para contratación da *Análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura de rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra* á empresa, *Cibernos Sistemas, S.L.* CIF: B 03243110 que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado de dez mil quiñentos vinte sete euros (10.527,00 €) IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:

Importe sen o IVE:	8.700,00 €
IVE (21 %):	1.827,00 €
Importe total ofertado:	10.527,00 €

A Mesa de Contratación comproba que a empresa *Cibernos Sistemas, S.L.* (CIF: B 03243110) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, estando debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para poder formular a oferta, e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

- 2) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, *Cibernos Sistemas, S.L.* (CIF: B 03243110) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a contitución dunha garantía definitiva por importe de 435,00 euros.
- 3) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirille o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinteseite minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

